**CONCELLO DE BERGONDO (A CORUÑA)**

**ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 25 DE NOVEMBRO DE 2010**

No salón de sesións da Casa do Concello de Bergondo, a vinte e cinco de novembro de dous mil dez, sendo as vinte horas e trinta minutos ten lugar a sesión ordinaria do Pleno municipal presidida pola alcaldesa-presidenta, D.ª Alejandra Pérez Máquez, do grupo socialista, con asistencia dos/as señores/as concelleiros/as seguintes:

**Grupo municipal Socialista:**
D. José M. Francisco Mata Buyo
D. Jesús Vázquez García
D. Francisco Javier Santos Maseda
D.ª M.ª Begoña Calviño Dorado
D. Domingo Fuentes Rocha

**Grupo municipal do Partido Popular (PP)**:
D.ª Silvia María Vázquez Cardelle
D. José Luis Dans Medín
D. Miguel A. Naveira Campelo

**Grupo municipal Veciños de Bergondo (VB)**:
D. Francisco Manuel Fafián Torreiro
D.ª María del Loreto Caseiras Arroyo

**Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**:
D. Manuel Parga Fernández
D. Antón Sánchez García

Así mesmo asisten:
A interventora municipal: D.ª Laura Gutiérrez Ortiz
A secretaria accidental: D.ª Aurelia M.ª Basanta García

***ORDE DO DÍA***

**1.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 29 DE XULLO, 30 DE SETEMBRO E 25 DE OUTUBRO DE 2010.

**2**.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL-POS 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

**3.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, DE NOVO FINANCIAMENTO DA OBRA NOMEADA "REDES DE SANEAMIENTO Y PLUVIALES EN BERGONDO (LUGAR DE SAN ISIDRO)", PARA OS EFECTOS

DA SÚA INCLUSIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PCC), ANUALIDADE 2011.

**4.-** APROBACIÓN SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE BERGONDO.

**5.-** DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

**6.-** ASUNTOS URXENTES

**7.-** DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

**8.-** ROGOS E PREGUNTAS.

**1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS DOS DÍAS 29 DE XULLO, 30 DE SETEMBRO E 25 DE OUTUBRO DE 2010.**

Os/as integrantes da Corporación recibiron os borradores das actas correspondentes ás sesións plenarias dos días 29 de xullo, 30 de setembro e 25 de outubro de 2010. A Sra. alcaldesa pregunta se algún integrante da Corporación ten que formular algunha observación ás ditas actas; non se formulan, polo que se aproban por unanimidade.

**2.- PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL-POS 2011. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*"Con data 29/09/2010 e nº 7647 de Rexistro xeral de entrada, recibiuse un escrito da Excma.Deputación provincial no que comunica que a aprobación das bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2011, figuran na páxina web dese Organismo, e que previsiblemente se publicarían no BOP núm.186, do 28 de setembro de 2010. Así mesmo, indican a contía asignada para este concello, que é de 188.100,59 €, recollendo as bases antes citadas, que, hai que sumar necesariamente a esa contía, o importe correspondente á achega municipal mínima obrigatoria do 5% para cada investimento, calculada sobre o presuposto de contrata da obra, con independencia do tipo de actuación de que se trate, de acordo co previsto no RD 835/2003, de 27 de xuño e demais disposicións de desenvolvemento.*

*Así mesmo en ditas bases establecese que o POS/2011 elabórase nun momento de crise económica, polo que a súa finalidade é dobre, xa que cada concello poderá utilizar a cantidade que se lle asigne do seguinte modo:*

*a) O 50% destinarase necesariamente á realización das obras precisas para a efectiva prestación dos servizos obrigatorios establecidos no artigo 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, pudendo non obstante, incluírse outras obras e servizos non obrigatorias que sexan de competencia municipal, de acordo co establecido no artigo 25 da devandita lei.*

*b) O 50% restante destinarase, a elección do concello, ben a realización de máis obras das indicadas no parágrafo anterior, ou ben ao financiamento dos gastos correntes de cada concello no exercicio 2011.*

*Nas citadas bases tamén se detalla a documentación a presentar na Deputación, ata o vindeiro 30 de novembro, que é a seguinte: unha memoria, o certificado do acordo municipal de aprobación do POS base 2011 e do Plan complementario, e os proxectos en duplicado exemplar, incluído o do Plan complementario. Tamén, se fose o caso, que non o é por non incluír ningún tipo de gasto corrente, un informe técnico, e un informe da intervención ou secretaría-intervención de previsión de gastos correntes no 2011.*

*En consecuencia, este concello procedeu a solicita-la elaboración dos proxectos correspondentes, que terán un presuposto mínimo de 30.000,00 €, e requirir dos Servizos técnicos municipais de Vías e Obras a emisión dos informes sobre os mesmos, co fin de propoñer ó Pleno que, previo exame do citado expediente, adopte o seguinte acordo:*

***PRIMEIRO**.- Aprobar o PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL 2011, POS 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o concello ten previsto realizar e de acordo co financiamento que se indica:*

| *Nº orde e denominación da obra* | *Estado+Deputación (IVE engadido)* | *Concello* | *Presuposto* |
|---|---|---|---|
| *1 – "REDE DE SANEAMENTO E ACERAS EN OUCES (LUGAR DE SILVOSO" .....* | *96.887,61 €* | *14.927,82 €* | *111.815,43 €* |
| *2 - "REPARACIÓN E MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE LUBRE, GUÍSAMO, BERGONDO, OUCES E MORUXO" .....* | *91.212,98 €* | *14.053,52 €* | *105.266,50 €* |
| *TOTAIS .....* | *188.100,59 €* | *28.981,34 €* | *217.081,93€* |

***SEGUNDO.-** Aproba-los proxectos das obras incluídas na anualidade 2011 e que se relacionan no punto anterior, redactados, respectivamente, por don José Luis Piñeiro Arnoso, enxeñeiro de camiños, con núm.5178 de colexiado e don Ángel Delgado Cid, enxeñeiro de camiños, e con núm.4657 de colexiado.*

***TERCEIRO.-** Aproba-lo Plan complementario do ano 2011 no que se inclúe a obra que a continuación se indica e aprobar o correspondente proxecto, redactado polo enxeñeiro técnico industrial, don Antonio Sabín Vázquez, colexiado núm. 2233.*

| *Denominación da obra* | *Presuposto (IVE engadido)* |
|---|---|
| *"Reforma alumbrado público en Bergondo"* | *69.944,37 €* |

***CUARTO.-** Declarar que este concello está a tramitar as actuacións correspondentes para a disposición dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.*

***QUINTO.-** O concello comprométese a incluír no presuposto municipal do 2011 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2011.*

***SEXTO.-** Solicitar á Excma.Deputación provincial de A Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada se ésta efectivamente se produce.*

***SÉTIMO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento.*

***OITAVO.-*** *Autorizase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social, nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.*
***NOVENO.-*** *Facultar expresamente á Sra.alcaldesa para todo o necesario e relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o seu correspondente expediente.*
*Non obstante o Pleno decidirá o que crea máis conveniente.*
*Bergondo, 15 de novembro de 2010=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: igual que o ano pasado este ano o 50% pódese destinar a gasto corrente, pero a proposta da Alcaldía é que sexa todo para inversión, que ó día de hoxe se prevén para o ano que ven.
Seguimos na liña do saneamento xa iniciado, e inclúese un proxecto que recolle o amaño de varios camiños en todas as parroquias que ó día de hoxe xa presentan un estado bastante deficitario, e que necesitan un asfaltado importante, serán, aproximadamente, uns catro quilómetros de camiños.
O Plan Complementario, que poucas veces se leva a cabo xa que as baixas nunca son tan elevadas, é dunha reforma de alumeado para seguir tamén na liña prevista polo concello.

A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle e di: independentemente das razóns ou baremos que se tomen dende o goberno á hora de dar prioridade a unha ou outra obra para incluíla no POS, o noso voto vai ser favorable porque, como vostede ben di, son das poucas inversións relevantes que van dentro do Orzamento para o exercicio 2011.

Seguidamente toma a palabra o Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro e manifesta: totalmente de acordo coa proposta, o noso voto é favorable.

A continuación toma a palabra o Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández e di: como xa dixemos na Comisión, queremos facer constar que tanto nos camiños como no saneamento utilízanse denominacións que non corresponden coa realidade.
Polo que respecta ó alumeado público en Bos, é unha prioridade a mellora da eficiencia enerxética no alumeado para que non haxa tanto gasto, sen embargo nesta reforma inclúense oito puntos novos dos que seis van por un camiño no que non hai ningunha vivenda, polo que parece un contrasentido estar a falar de aforro e despois gastar cartos onde non é prioritario.

Sra. alcaldesa: si, parece unha contradición pero alí, dixéronos os veciños, que hai unha parada de autobús na N-VI e van ata ela andando por ese camiño.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

**3.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DE NOVO FINANCIAMENTO DA OBRA NOMEADA "REDES DE SANEAMIENTO Y PLUVIALES EN BERGONDO (LUGAR DE SAN ISIDRO)", PARA OS EFECTOS DA SÚA INCLUSIÓN NO PLAN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL (PCC), ANUALIDADE 2011.**

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*"Na sesión do Pleno Municipal do 28 de maio de 2009 acordouse, entre outros, participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña, anualidades 2010 e 2011, e solicitar o seguinte investimento:*

| ***PROXECTO*** | **ORZAMENTO TOTAL (16% IVE)** | **ACHEGA MUNICIPAL (16% IVE)** | **ACHEGA PROVINCIAL (16% IVE)** |
|---|---|---|---|
| Redes de saneamiento y pluviales en Bergondo (lugar de San Isidro) *Anualidade 2011* | *127.187,16 €* | *12.718,72 €* | *114.468,44 €* |

*Con data 5 de xullo de 2010, e núm. 5178 do Rex. Xeral de Entrada, recibiuse no Concello unha Circular da entidade provincial pola que se comunica a aprobación da modificación das bases reguladoras do Plan de Cooperación cos Concellos (PCC) 2008/2011. Na citada Circular e posteriormente, no escrito da Deputación recibido o 8 de novembro de 2010, con núm. 8526 do R.X.Entrada, se establece que o proxecto que presente o Concello de Bergondo para o PCC correspondente á anualidade 2011, financiarase coas baixas de licitación producidas nas anualidades 2008 e 2009 deste Plan, que supoñen un total de 34.381,20 euros (aplicando o 16% do IVE), e tendo en conta que a totalidade da cantidade asignada polo organismo provincial xa foi esgotada no financiamento das anualidades anteriores.*

*De acordo co anteriormente exposto, **proponse ó Pleno Municipal que**, previo exame do expediente, **adopte o seguinte acordo**:*

*.- **Aprobar o novo financiamento** da obra nomeada "Redes de saneamiento y pluviales en Bergondo (lugar de San Isidro)", coa que se solicita participar no Plan de Cooperación cos Concellos (PCC), anualidade 2011, da Deputación Provincial da Coruña **e asumir o compromiso da achega municipal** quedando estes importes reflectidos no seguinte cadro:*

| *ACHEGA DEPUTACIÓN (IVE 18%)* | *ACHEGA CONCELLO (IVE 18%)* | *TOTAL (IVE 18%)* |
|---|---|---|
| *36.574,08 €* | *92.805,96 €* | *129.380,04 €* |

*De tódolos xeitos o Pleno Municipal decidirá o que crea máis conveniente.*
*Bergondo, 15 de novembro de 2010=A alcaldesa =Alejandra Pérez Máquez"*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: esta será a ultima das obras incluída neste Plan da Deputación, xa o aprobamos no seu momento na inclusión deste proxecto, polo que trátase de indicar a reasinación de cantidades. Recordar que aínda esta pendente a baixa do PCC do ano 2010 que foi de trinta e cinco mil seiscentos seis euro, que a Deputación nos comunicará no seu momento, cando se poderá facer efectivo e en que obra, xa que nesta non o podemos ter en conta.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## 4.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DO REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE BERGONDO.

A continuación dáse conta ós/ás asistentes, da proposta da Alcaldía informada favorablemente pola Comisión Informativa de Asuntos do Pleno, que transcrita literalmente di:

*"Na sesión ordinaria do Pleno municipal que tivo lugar o día 25 de marzo de 2010, aprobouse a creación do Consello Escolar Municipal de Bergondo*

*Así mesmo, e, en base ó exposto no artigo 29.1.5 do* Decreto 44/1988, do 11 de febreiro, polo que se regulan o Consello Escolar de Galicia, os Consellos Escolares Territoriais e Municipais, en desenvolvemento da Lei

3/1986, do 18 de decembro, de Consellos Escolares de Galicia, *na citada sesión o Pleno determinou o terzo de integrantes do citado Consello nomeados pola Corporación.*

*O día 20 de outubro, reuniuse, e quedou constituído o Consello Escolar de Bergondo, que estará integrado polas seguintes persoas:*

| | |
|---|---|
| *- Dna. Alejandra Pérez Máquez* | *Alcaldesa-Presidenta* |
| *- Dna. Rosa Gómez Díaz* | *Representante da Administración Educativa* |
| *- D. Xosé Antonio Iglesias Calviño* | *Director do CP.I. Cruz do Sar* |
| *- Dna. Isabel Veloso Cermeño* | *Directora do C.R.A. de Bergondo* |
| *- D. Alfonso González Márquez* | *Presidente do ANPA As Mariñas* |
| *- Dna. Ana María Pereiro López* | *Profesora do C.P.I Cruz do Sar* |
| *- Dna. Matilde Rios Fachal* | *Profesora do C.P.I Cruz do Sar* |
| *- Dna. Dolores Fernández López* | *Profesora do C.R.A. de Bergondo* |
| *- Dna. María José Ageitos González* | *Pais/nais titores legais de alumnos* |
| *-Dna. María José Ferreño Precedo* | *Pais/nais titores legais de alumnos* |
| *- Dna. Xiana Fernández Sánchez* | *Alumna* |
| *- D. Jesús Seijas Barquero* | *Secretario* |

*Na dita sesión o Consello Escolar constituído aprobou o seu Regulamento de Funcionamento, que transcrito literalmente di:*

***REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DE BERGONDO***

***Artigo 1.- Natureza***

*De conformidade coa regulación do artigo 26 do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro polo que se regulan o consello escolar de Galicia, os consellos escolares territoriais e municipais, en desenvolvemento da Lei 3/1986, do 18 de decembro, dos consellos escolares de Galicia, o Consello Escolar municipal de Bergondo constitúese como un órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do ensino non universitario e na planificación dos centros escolares no seu ámbito municipal.*

***Artigo 2.- Funcións***

*1.- O carácter de organismo participativo na planificación e intervención educativa non universitaria realizarase por medio das funcións que lle son propias ao Consello Escolar Municipal: asesoramento, consulta, proposta e información nas seguintes cuestións: a) Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou calquera outra Administración Pública que afecten ao ensino dentro do ámbito municipal. b) Actuacións e normas municipais que afecten aos servizos educativos complementarios e extraescolares con incidencia no funcionamento dos centros docentes, tales como transporte escolar, comedores, servizos de limpeza e conservación. c) Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares coa finalidade de mellorar o rendemento educativo, e se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade do ensino. d) Situación de centros docentes dentro da demarcación municipal. e) Prioridade nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, vixilancia e mantemento adecuado dos centros docentes. f) Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación da programación ao medio. g) Competencias educativas que afecten ao ensino non universitario e que a lexislación outorgue ao municipio. h) Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar no Concello lle sexa consultado. i) Programación de investimentos en materia educativa. 2.- O Consello Escolar Municipal elaborará e aprobará ao finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no municipio, que enviará á Corporación Municipal e ao Consello Escolar Territorial, se este existe. No seu defecto, tal informe será remitido ao Consello Escolar de Galicia.3.- O Consello Escolar Municipal poderá elevar á Administración Educativa e ao Concello informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo.*

***Artigo 3.- Composición do Consello Escolar municipal de Bergondo.***

*O Consello Escolar Municipal de Bergondo terá a seguinte composición:• Presidente/a: alcalde/sa ou membro da Corporación en quen delegue.• UN representante da Administración Educativa designado polo delegado provincial da Consellería de Educación, segundo a lei.• TRES profesores/as dos niveis educativos correspondentes ao ámbito do ensino non universitario de Galicia, elixidos polos profesores do mesmo; dous pertencentes ao C.P.I. Cruz do Sar e un ao C.R.A. de Bergondo.• DOUS pais/nais de alumnos/as, elixidos polos pais, as nais ou os representantes legais do alumnado matriculado nos centros.• UN alumno/a elixido polos representantes dos alumnos nos Consellos Escolares dos centros existentes no municipio, de conformidade co procedemento establecido no artigo 32 e seguintes do Decreto 44/1988, do 11 de febreiro.• TRES membros elixidos segundo o que dispoña a corporación municipal de entre directores, representantes dos sindicatos, asociacións de empresarios, movementos de renovación pedagóxica, titulares de centros privados e concertados, especialistas en temas educativos e asociacións de veciños segundo o recollido no artigo 16, letra b) da Lei 3/86 e no artigo 34.2 do Decreto 44/1988.• Secretario/a: será o/a secretario/a da corporación, funcionario/a da mesma ou persoa en quen delegue que terá voz pero non voto.*

***Artigo 4. Organización.***

*Os órganos do Consello Escolar Municipal de Bergondo son o Pleno, o/a presidente/a, e as Comisións de traballo.*

***Artigo 5. O/a Presidente.***

*1.- O presidente do Consello Escolar Municipal é o/a alcalde/sa da Corporación ou Concelleiro/a en quen delegue. 2.- Corresponde ao presidente: a) Ostentar a representación do Consello Escolar Municipal b) Convocar e presidir as sesións e moderar os debates do Pleno e das Comisións c) Establecer a orde do día das sesións d) Velar polo cumprimento dos acordos tomados nas reunións do Consello e) Dirimir, con voto de calidade as votacións nos casos de empate*

***Artigo 6.- O/a secretario/a***

*1.- O Pleno do Consello Escolar Municipal contará cun secretario/a. 2.- O secretario do Consello Escolar Municipal será o secretario/a do Concello, funcionario/a ou persoa en quen delegue. 3.- Son funcións do secretario/a: a) Asistir con voz pero sen voto ás reunións do Pleno b) Levantar acta das sesións c) Expedir certificacións dos actos e acordos do Consello, coa conformidade do presidente d) Custodiar as Actas das sesións e) A tramitación administrativa dos expedientes derivados dos acordos plenarios f) Tramitar as convocatorias coa correspondente orde do día, por orde do seu presidente g) Preparar a documentación necesaria para os membros do Consello h) Calquera outra función relativa a funcións xenéricas de Secretaría, que lle encomende o Consello Escolar municipal*

***Artigo 7.- O Pleno.***

*O Pleno é o órgano de decisión e formación da vontade do Consello Escolar Municipal de Bergondo. Estará integrado por todos os membros do mesmo, baixo a dirección do seu presidente e asistido polo secretario/a. Para a constitución inicial do Pleno será necesario que asistan polo menos os 2/3 dos membros que o compoñen. De non acadarse o quórum establecido, procederase a unha nova convocatoria no prazo de sete días, requiríndose neste suposto a asistencia da maioría absoluta dos seus membros.*

***Artigo 8.- As Comisións de traballo.***

*Poderán constituírse Comisións de traballo, fixándose na súa creación o seu cometido, a súa duración e os seus compoñentes, asegurando a representación nas mesmas de todos os sectores. Son órganos de traballo para o estudo de asuntos concretos que lle sexan solicitados polo Pleno do Consello.*

***Artigo 9.- Funcionamento do Pleno***

*1.- As sesións do Pleno do Consello poderán ser ordinarias ou extraordinarias. 2.- O Pleno reunirase en sesión ordinaria unha vez cada 6 meses; como mínimo ao comezo do curso escolar e ao remate do mesmo. 3.- Reunirase con carácter extraordinario a iniciativa do presidente ou cando o solicite unha cuarta parte dos seus compoñentes.*

***Artigo 10.- Convocatoria das reunións.***

*As convocatorias do Pleno efectuaranse polo presidente e se remitirá aos compoñentes de dito órgano con, polo menos, tres (3) días hábiles de antelación. A convocatoria conterá a Orde do Día e a data, hora e lugar da súa celebración. A documentación específica sobre os asuntos a tratar enviarase por correo electrónico e estará a disposición dos compoñentes do órgano na Secretaría do Consello. Os membros do Consello confirmarán por correo electrónico a recepción da convocatoria e da documentación específica recibida.*

***Artigo 11.- Celebración.***

*As sesións do Pleno celebraranse en primeira convocatoria, sempre que concorran os 2/3 dos seus membros e, en segunda, quince minutos despois da anunciada, se asisten polo menos o presidente, o secretario e un terzo dos seus membros. Se unha vez iniciada a reunión, a abandonase algún dos seus membros, poderá continuarse sempre que se manteña o quórum previsto para a segunda convocatoria.*

***Artigo 12.- Deliberación.***

*1.- O presidente abrirá, suspenderá e levantará as reunións. 2.- O presidente dirixirá os debates, velará polo mantemento da orde da sesión, concederá ou retirará o uso da palabra na orde en que se pida e porá a votación os asuntos obxecto de debate e proclamará os resultados.*

***Artigo 13.- Acordos.***

*1.- Os acordos adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes, dirimindo o presidente os empates mediante o seu voto de calidade. 2.- O voto é presencial e indelegable. 3.- Calquera membro poderá solicitar a transcrición íntegra da súa intervención sempre que achegue no acto ou no prazo de 24 horas o texto que se corresponda fidedignamente coa súa intervención.*

***Artigo 14.- Votacións***

*As votacións faranse a man alzada, levantado primeiro a man quen estean a favor, despois quen estean en contra e finalmente os que se absteñan.*

***Artigo 15.- Actas.***

*1.- De cada reunión levantarase unha acta na que deberá figurar as seguintes mencións: - Lugar da reunión - Data e hora de comezo - Asistentes á sesión, membros que escusan a súa asistencia e dos membros que falten sen causa - Carácter ordinario ou extraordinario da sesión e se se celebra en primeira ou segunda convocatoria - Asistencia do secretario - Asuntos que se examinan, opinións sintetizadas dos membros que interviñeran - Votacións que se verifiquen, facendo constar os votos afirmativos ou negativos e as abstencións - Acordos adoptados - Hora en que se levante a sesión 2.- Cando non se celebre a reunión por calquera motivo, o/a secretario/a suplirá a acta cunha dilixencia autorizada coa súa sinatura e co visto e prace do presidente, na que se farán constar as causas da súa non celebración e, no seu caso, o nome dos concorrentes e dos que escusaran a súa non asistencia. 3.- As actas someteranse a aprobación na seguinte sesión. 4.- As actas quedarán baixo a custodia do secretario.*

***Disposición adicional primeira.***

*Para o non regulado na presente norma serán de aplicación as disposicións da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no RD 2568/1986, do 28 de novembro, e na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común, e as súas modificacións.*

***Disposición transitoria.***

*Dentro do prazo do mes seguinte ao da entrada en vigor deste Regulamento, as organizacións, institucións e entidades competentes, proporán ao alcalde o nomeamento dos seus representantes no Consello. Para estes efectos a Alcaldía notificará aos colectivos mencionados co obxecto de que no prazo indicado propoñan mediante escrito o titular e suplente que lles corresponda.*

***Disposición final***

*O presente Regulamento entrará en vigor nos termos regulados no artigo 70 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local."*

*Logo de ver o exposto, propoño ó pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:*

***Primeiro:*** *Aprobar provisionalmente o Regulamento do Consello Escolar do Concello de Bergondo.*
***Segundo:*** *Expoñer ó público o presente acordo mediante anuncios no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de trinta días hábiles que contarán a partir do seguinte á publicación no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.*
***Terceiro:*** *As reclamacións presentadas serán resoltas pola corporación en Pleno, e de non existir, entenderase definitivamente aprobado o acordo provisional, debéndose proceder en todo caso á publicación no Boletín Oficial da Provincia do acordo definitivo, e do texto íntegro do Regulamento, sen que entre en vigor ata que transcorra o prazo de quince días hábiles establecido no artigo 65.2 da LBRL, en aplicación do artigo 70.2 do mesmo texto legal.*
***Cuarto:*** *Comunicar o presente acordo á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e ó Consello Escolar de Galicia.*
*O Pleno municipal decidirá o que crea mais conveniente.*
*Bergondo, 12 de novembro de 2010.=A alcaldesa=Alejandra Pérez Máquez"*

Toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: como se indica na proposta o 25 de marzo o Pleno a Corporación aprobou a creación do Consello Escolar, o que se reuniu o 20 de outubro formado polas persoas que tamén se indican na proposta e aprobou ese Regulamento, que está adaptado ó Decreto no que se regulan as funcións dos Consellos Escolares en Galicia.

Trala correspondente deliberación, o Pleno municipal por **unanimidade** dos/as trece concelleiros/as asistentes, que forman a totalidade da Corporación municipal, aproba a proposta que se acaba de transcribir.

## 5.- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL NO DÍA INTERNACIONAL CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

Seguidamente dáse lectura á declaración institucional asinada por tódolos voceiros dos diferentes grupos políticos que integran a Corporación municipal, e que se transcribe a continuación:

***"Manifesto con motivo do 25 de Novembro de 2010, Día Internacional contra a Violencia de Xénero.***
*O Concello de Bergondo quere mostrar o seu recoñecemento á coraxe e a valentía de tantas mulleres que, día a día, logran superar o medo e as barreiras-psicolóxicas, sociais, familiares, relixiosas..- erguidas ao longo de séculos de dominación machista, para rebelarse contra seu maltratador e levalo ante a xustiza.*
*Por desgraza este ano a estatística fala de 63 mulleres e de 4 menores asasinados por violencia machista. E calcúlase que , aproximadamente, 800.000 nenos e nenas sofren no seu medio e con gran intensidade a violencia de xénero. Sabemos tamén que os menores que medran nestes fogares padecen secuelas que poden durarlles toda a vida: diminución do rendemento escolar, insomnio, pesadelos, fobias, ansiedade, agresividade. Ademais a aprendizaxe de modelos violentos e roles de xénero erróneos poden conducirlles a repetir esas condutas, tanto no papel de vítima como de agresor, coa conseguinte reprodución da violencia de xénero.*
*Por este motivo, facemos un chamamento á rebelión da cidadanía bergondesa contra a violencia de xénero: non podemos consentir que esta situación siga manténdose e debemos pór, todos e todas, o noso máis enérxico empeño en romper esta dinámica criminal e protexer as vítimas.* ***A todas as vítimas: as mulleres e os menores****.*
*Por outra banda, os datos son claros, a maioría das mulleres asasinadas non denunciaran a seus maltratadores e, polo tanto, non puideron ser protexidas. O silencio é o mellor cómplice dos maltratadores*

*porque lles proporciona a total impunidade e unha ampla liberdade para cometer os terribles actos. Por iso é tan importante denunciar aos agresores.*
*Estamos no convencemento de que hoxe máis que nunca é necesaria a complicidade de homes e mulleres para loitar contra este tipo de violencia. O problema é de todos e todas e non só das vítimas, o problema é de toda a sociedade e polo tanto o deber de denuncia tamén é de toda a sociedade.*
***Coa corresponsabilidade de todas as Administracións** na coordinación e asignación de medios técnicos e materiais necesarios, **coa unidade de todas as forzas políticas**, co **Poder Xudicial** aplicando a Lei Orgánica de Medidas de Protección contra a violencia de xénero e c**o esforzo da cidadanía** conseguiremos erradicar a violencia de xénero.*
*Bergondo, 18 de novembro de 2010.*
*Sr. voceiro do PSdG-PSOE= José M. Francisco Mata Buyo= Sra. voceira do Partido Popular=Silvia M.ª Vázquez Cardelle=Sr. voceiro de Veciños de Bergondo= Francisco M. Fafián Torreiro=Sr. voceiro do Bloque Nacionalista Galego=Manuel Parga Fernández"*

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: este manifesto está asinado polos voceiros dos catro grupos que representan a esta Corporación, como nos últimos anos. Ó día de hoxe xa non son sesenta e tres mulleres, son sesenta e catro; hoxe se non tiveramos Pleno, estaríamos nalgún dos actos organizados polo Consorcio, que este ano organiza Arteixo, pero dende aquí unímonos simbolicamente.
A continuación toma a palabra a Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle, e manifesta: o Partido Popular únese a este manifesto, pero queremos facer unha serie matizacións en relación ó que falamos na Comisión Informativa, dos CIM´s e de pedir mais axudas; dicir que o goberno central acaba de eliminar para este próximo exercicio orzamentario unha partida específica de atención especializada para os menores que sofren este tipo de situacións, que contaba cunha dotación dun millón e medio de euros e que o Grupo parlamentario Popular presentou no Congreso dos Deputados unha Moción para que os menores de idade sexan incluídos dentro do ámbito de protección da Lei 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, e que o corenta e cinco por cento do Orzamento nos Servizos Xerais da Igualdade, da Xunta de Galicia, para o exercicio 2011 dedicarase a iso. Con respecto ós CIM´s, en termos económicos, a Xunta de Galicia inverteu nos setenta e oito Centros dous millóns de euros no exercicio pasado.
Sra. alcaldesa: por parte do Partido Socialista non imos entrar a debater o que deixou de aportar o Estado, porque o que deixou de aportar a Xunta tamén é bastante significativo, pero considero que hoxe non é o día para falar diso.

## 6.- ASUNTOS URXENTES.

Seguidamente a Sra. alcaldesa pregunta ós voceiros dos grupos políticos se desexan someter á consideración do Pleno, por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a esta convocatoria.

O Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro manifesta que o seu partido presenta unha Moción en relación coa cubrición das pistas polideportivas do concello, xustifica a urxencia en que coa chegada do inverno non é posible utilizar as citadas pistas.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

**6.1.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE VECIÑOS DE BERGONDO PARA A CUBRICIÓN DAS PISTAS POLIDEPORTIVAS. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación o Sr. voceiro de VB, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
*"No noso concello contamos nas parroquias con distintas instalacións de tipo deportivo consistentes en pistas abertas máis ou menos preparadas para o exercicio do deporte.*
*Cada instalación ten o seu tempo e vanse mantendo según as necesidades e as solicitudes dos usuarios.*
*Nembargantes Bergondo non dispón de ningunha instalación cuberta, exceptuando os pavillóns de Guísamo e A Senra, de forma que o uso das existentes redúcese á tempada seca, quedando moi mermada a súa capacidade de utilización efectiva.*
*Por iso, a cubrición das pistas é a única solución para o seu aproveitamento durante todo o ano. Ademais, así poderíanse tamén destinar a outros usos de tipo cultural e festivo, aforrándose os elevados gastos que supoñen o aluguer de carpas durante os festexos.*
*Estamos na época do ano na que se poden comezar os estudos técnicos e económicos para afrontar de cara ó ano que ven a adaptación destas instalacións, de forma que no verán xa estean listas e no outono que ven se poidan seguir utilizando.*
*Por iso, Veciños de Bergondo propón ó Pleno os termos da seguinte Moción:*
*Visto o anterior, os concelleiros do Grupo Municipal de Veciños de Bergondo, do Concello de Bergondo, de acordo co art. 91.4 do ROF, propoñen:*
***1º.-** Aprobar o comezo dun estudo que se elabore polo técnicos municipais sobre o estado das pistas polideportivas existentes nas parroquias, para determinar a viabilidade da súa cubrición.*
***2º.-** Aprobar un estudo polos servizos económicos do concello, co fin de atopar una financiación por vía de subvencións convocadas ó efecto polas distintas administracións, tanto provinciais como autonómicas e mesmo europeas.*
*En Bergondo a 25 de novembro de 2010=Fco. Manuel Fafián Torreiro=Portavoz do Grupo municipal VB"*

Sra. alcaldesa: creo que esta é unha idea que no seu momento tamén propuxo o BNG; considero que isto é mais un Rogo que unha Moción, en todo caso non haberá ningún problema por pedir un estudo ós técnicos, non ós servizos económicos, senón pedir un presuposto a unha empresa e despois facer unha valoración e unha Memoria de cada unha desas pistas.
Non vai ser doado, porque é unha inversión cara e despois haberá que decidir cal parroquia vai de primeira, cal de segunda..., porque é unha necesidade de todas; si nos parece ben facer un estudo de cada unha das pistas e ser verá no seu momento cal é prioritaria. Vai ser difícil incluso conseguir financiamento para algo como isto, porque estamos falando de presupostos de sobre cen mil euros.

Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle: vostede basea a súa Moción nun estudo onde o financiamento sería por parte da Administración, Deputación, Xunta, cando estamos a ver que todos os presupostos se ven minorados, nos que o que se mantén é o gasto social, que é unha prioridade e estamos nun momento de austeridade e dende o Partido Popular non vemos viable a súa proposta, non é que esteamos en desacordo co contido, pero entendemos que non é viable e ademais tendo o Polideportivo de Guísamo, e o da Senra, que ven de amañarse. O noso voto é en contra.

Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández: nós queremos facer constar, como xa dixo a Sra. alcaldesa, que nos presupostos do 2008 propuxemos que se destinase unha partida para empezar cun programa para cubrir as pistas polideportivas, iso quedo aí non se levou adiante. Nós pensamos que agora mesmo o prioritario é facer un campo de fútbol digno para a xente de Bergondo, pero tampouco vemos problema en que se faga un estudo

para nun futuro comezar un programa para a cubrición das pistas polideportivas. Nós votamos a favor da proposta.

A continuación procedese á **votación** a Moción presentada polo grupo de Veciños de Bergondo, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.
**Total: dez (10) votos a favor e tres (3) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada, por maioría de votos a favor a Moción antes transcrita.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández manifesta que o seu partido presenta unha Moción en relación a garantir os investimentos no ensino público, xustifica a urxencia en que actualmente estase a discutir no Parlamento de Galicia os Orzamentos do ano 2011 e urxente de que se teña en conta a Moción no desenvolvemento dos debates e nas decisións a adoptar respecto á Consellería de Educación.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

**6.2.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO, PARA GARANTIR OS INVESTIMENTOS NO ENSINO PÚBLICO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.**

A continuación o Sr. voceiro do BNG, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS*
*Para garantir a calidade educativa do ensino público en Galicia, é necesario que o investimento público garanta o acceso á mesma en igualdade de condicións para todos os nenos e nenas. Esta premisa é aínda máis importante en época de crise, xa que podemos ver acentuadas as diferenzas entre as familias para poder manter un acceso igualitario á educación. Non obstante, para o vindeiro ano 2011 os orzamentos de Educación da Xunta de Galicia sofren unha baixada importante de case un7% que afasta cada vez máis a Galiza de conseguir o obxectivo de aproximarse ao 6% do PIB.*
*O preocupante desta caída é que afecta de forma moi directa á partida de investimento, xa que existe unha redución drástica que pode chegar a poñer en perigo a conservación e mellora dos centros de ensino públicos. Asemade a redución é moi significativa en partidas que teñen como destinatario directo o alumnado. De feito as bolsas de aprendizaxe de idiomas sofren un recorte de mais do 35%, as bolsas para realizar prácticas en empresas de formación profesional máis dun 52% e as bolsas para o alumnado universitario preto do 50%. Destacando tamén o elevado recorte que sofren as axudas as ANPAS para a xestión de comedores escolares que chega a un 35%. Esta redución pode implicar que en moitos centros o servizo de comedor chegue a estar en perigo. Non obstante, e como mostra de liña política que segue o PP na Xunta de Galiza, a mesma Consellaría reserva 2 millóns de euros para cambiar os libros de texto de galego a castelán para o próximo curso.*
*Por todo isto, o Grupo Municipal do BNG proponlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:*
*Instar ao Presidente da Xunta de Galiza para que a Consellaría de Educación:*

1. *Manteña as partidas de bolsas para o alumnado, destinadas a estudar idiomas, bolsas para as prácticas de FP e para os estudos universitarios, cun importe como mínimo ao recollido nos orzamentos deste ano 2010.*
2. *Manteña a partida adicada a axudas as ANPAS para a xestión dos comedores escolares cunha dotación que como mínimo se equipare á dos orzamentos da Xunta de 2010.*
3. *Incorpore aos orzamentos de 2011 os recursos suficientes para que as reparacións e mantemento dos centros públicos de ensino estea garantida.*

*Bergondo, 23 de novembro de 2010."*

Continúa o Sr. voceiro do BNG, e di: ampliando a proposta, queremos declarar que nós somos conscientes de que estamos en época de crise, de que os presupostos xerais da Xunta baixan sobre un dez por cento, pero queremos insistir en que o tema da Educación é básico se queremos evitar que se aumenten os problemas de exclusión social e, sobre todo, para garantir o chamado principio de igualdade de oportunidades; nunha sociedade como na que vivimos a educación é básica para que os nenos non sufran discriminación desde pequenos segundo en que familia viven, por tanto, nós pensamos que o Estado, neste caso a Xunta de Galicia, ten que facer un esforzo importante co fin de garantir este dereito.

Seguidamente toma a palabra a Sra. alcaldesa e di: por parte do partido socialista tampouco estamos de acordo cos recortes que se prevén en Educación por parte da Xunta, pero si tamén temos que ser realistas; nós nos orzamentos do concello non facemos diminución nas partidas de Educación e na de Servizos Sociais, porque nos parecen fundamentais e pensamos que a Xunta tamén debería actuar así. Para tranquilizar ós pais deste concello, non hai ningunha previsión de que poida haber algún recorte no comedor do colexio de Bergondo; é dicir, parécenos que deberíamos instar á Xunta que manteña todas as partidas relacionados con Educación, ademais, polo que a nós respecta, ó día de hoxe podemos presumir de ter un bo servizo de comedor e iso debemos seguir manténdoo, polo tanto o noso vota vai ser a favor de Moción.

A Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle manifesta: os orzamentos da Xunta para o ano 2011 sufriron un recorte de financiamento superior ós mil cento setenta e sete millóns de euros, pero foi fundamentalmente por decisións do goberno socialista, como foi a imposición dun novo límite para o endebedamento, a redución de fondos finalistas do Estado, a diminución das entregas a conta do modelo de financiamento e a devolución das liquidacións negativas do exercicio 2008, polo tanto os orzamentos da Xunta redúcense nun 10,8 %; sen embargo, para o goberno do PP o gasto esencial e a prioridade son as consellerías que executan o gasto social, como son Educación, Sanidade e Traballo Social só baixan o seu orzamento nun 5,5 % de media, nas restantes consellerías a caída é dun 24,7%. Polo tanto os orzamentos da Xunta son uns orzamentos realistas e austeros, adaptados á realidade social.
Con respecto á potenciación las linguas estranxeiras, a Xunta aprobou o Plan galego de potencialización das linguas estranxeiras, no que inverterá o 51,5 millóns de euros ata o ano 2013; co respecto ás bolsas, vaille a dedicar mais 1,2 millóns de euros para bolsas de estudos de FP, e mais de 3 millóns para estudos universitarios, o que supón un descenso en relación co exercicio anterior, pero é consecuencia da desaparición do terceiro ciclo.
En referencia ós comedores escolares, a Xunta vai incrementar nun millón de euros os recursos para a xestión directa dos comedores, o que supón un incremento de mais dun 4% en relación co Orzamento previsto para o 2010.
O Partido Popular vai facerlles unha proposta; o noso voto sería a favor se aceptaran o seguinte:
O Concello de Bergondo insta á Xunta de Galicia a que siga a desenvolver o Plan galego de potencialización das linguas estranxeiras dotándoo cos recursos necesarios para a ampliación das medidas previstas no mesmo.

Incremente a oferta de prazas nos comedores escolares xestionados directamente pola Xunta, sen prexuízo de que continúen apoiando, con partidas nos Orzamentos, ás ANPAS que administren comedores escolares.
Por último, continuar realizando as actividades de reparación e mantemento dos Centros públicos de ensino.
Sr. voceiro do BNG: iso habería que falalo; a Moción mantense nos mesmo termos.

Sr. voceiro de VB, Francisco Manuel Fafián Torreiro: nós imos votar a favor da Moción do BNG, porque un pobo sae da crise non só con investimentos, senón por formación. Ademais, co que se escoitou aquí, a Xunta fai moitos esforzos en mantén uns presupostos austeros pero o GAIÁS segue a crecer, polo tanto, neste momento que temos que ter austeridade e facer accións concretas contra a crise seguir mantendo esa construción coa que está a caer e recortando para formación non nos parece correcto; o noso voto é a favor da Moción.
Sra. alcaldesa: pola nosa parte non habería problema en incorporar as propostas feitas polo Partido Popular, que o único que fan é reforzar a Moción, pero, en todo caso, está presentada polo Bloque Nacionalista Galego.
Sr. voceiro do BNG: sabían da Moción con anterioridade, e non falaron connosco; ó mellor se falaran chegariamos a un acordo.

A continuación procedese á **votación** a Moción presentada polo grupo do Bloque Nacionalista Galego, que tivo o seguinte resultado:
Grupo municipal Socialista: seis (6) votos a favor; Grupo municipal do Partido Popular: tres (3) votos en contra; Grupo municipal Veciños de Bergondo: dous (2) votos a favor; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego: dous (2) votos a favor.
**Total: dez (10) votos a favor e tres (3) en contra.**

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara aprobada, por maioría de votos a favor a Moción antes transcrita.

O Sr. voceiro do BNG, Manuel Parga Fernández, manifesta que o seu partido tamén presenta unha segunda Moción en relación á conservación, recuperación e posta en valor de fontes, lavadoiros e camiños públicos do Concello de Bergondo, fundamenta a súa urxencia en que é un tema que xa se falou en distintas ocasións, e que é necesario que se faga xa un inventario de camiños, porque moitas veces ocorren roces entre veciños por este motivo, e xa debe solucionarse.

Sometida a votación a urxencia deste asunto, o Pleno Municipal, por unanimidade dos doce concelleiros asistentes, dos trece que integran a Corporación, que constitúen a maioría absoluta legal, declara a súa urxencia, pasándose seguidamente a debatelo.

### 6.3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO PARA A CONSERVACIÓN, RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DE FONTES, LAVADOIROS E CAMIÑOS PÚBLICOS DO CONCELLO DE BERGONDO. ADOPCIÓN DE ACORDO QUE PROCEDA.

A continuación o Sr. voceiro do BNG, da lectura a moción presentada, que transcrita literalmente di:
*"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:*
*O coidado, protección e posta en valor do patrimonio público debe de ser un obxectivo de calquera goberno municipal.*

*Bergondo conta cun rico patrimonio de fontes, lavadoiros e camiños públicos que actualmente atópanse xeralmente nun estado lamentable, e incluso se dan casos moi habituais de apropiacións de apropiacións de camiños, recheos de fontes, etc.*
*Se non se actúa rápido pódese perder moito patrimonio público.*
*Dende o BNG de Bergondo cremos que o goberno municipal debe de velar pola protección destes elementos e dotalos dun uso que beneficie ós habitantes do concello e ós visitantes.*
*Son lugares que poden ser usados para esparcimento, lecer, actividades medioambientais e culturais, actividades que deberían estar inseridas dentro da política municipal para dar servizo e proporcionar benestar ós cidadáns de Bergondo.*
*O primeiro paso debe de ser a realización dun inventario de todos estes elementos en Bergondo, localizándoos cartográficamente dun xeito preciso, para evitar en primeira instancia os intentos de apropiación por parte de mans privadas.*
*A partir deste primeiro e indispensable paso, deben de vir as políticas de rehabilitación e conservación, que ademais de rehabilitación física das instalacións ou/e lugares debe de ser unhas políticas que posibiliten a participación activa e o disfrute destes lugares, creando roteiros de sendeirismo, actividades ligadas ó ciclo da auga, etc.*
*Polo tanto o Grupo Municipal do BNG de Bergondo, hónrase en propoñer o seguinte ACORDO:*
***Primeiro:** Realizar un inventario de ditos elementos, localizándoos de xeito preciso e cartográficamente.*
***Segundo:** Deseñar e levar a cabo políticas para a súa rehabilitación, posta en valor e mantemento.*
*Bergondo, 23 de novembro de 2010."*

Continúa o Sr. voceiro do BNG, e di: cítanse os camiños públicos, referímonos evidentemente ós camiños que están en desuso, o sexa, que non están arregados ou asfaltados, que hai moitos en distintos lugares das parroquias e de sempre ven habendo problemas entre os veciños, uns afirman que son camiños de servizo, outros que son públicos e ó final acaban en rivalidades e problemas con concello.
Sra. alcaldesa: non é a primeira vez que o Bloque propón algo parecido; o inventario de camiños é un traballo arduo, existe xa no concello un documento previo, pero que mentres non se tramite non é oficial. Por parte desta Alcaldía xa se deu orde ós Servizos Técnicos urbanísticos para que procedan á realización dos trámites correspondentes, e darlle prioridade.
Con respecto ás fontes, xa na época que unha concelleira do seu partido estaba no grupo de goberno, Flor Maceiras, fixo xa un listado de fontes do concello, polo que agora engadiríase unha ficha cartográfica ou o que corresponda, é dicir que xa partimos dunha base.
Indicar tamén que xa se están a levar políticas para a rehabilitación, ó mellor coa presa que a vostedes e nós mesmos nos gustaría; non imos votar en contra porque xa é algo que se está a facer.
Sra. voceira do PP, Silvia M.ª Vázquez Cardelle: desde o Partido Popular tamén imos apoiar a Moción; consideramos que facer un inventario de bens públicos é algo moi custoso, pero si estamos de acordo con rehabilitar este tipo de fontes, lavadoiros e camiños.
Sr. voceiro de VB, Manuel Francisco Fafián Torreiro: apoiamos a Moción.
Sr. voceiro do BNG: quixera dicir que para realizar estes traballos se conte coa xente dos lugares, sobre todo os de mais idade, que son os que coñecen a historia dos camiños, as fontes, etc.

En consecuencia, a Sra. alcaldesa declara **aprobada, por unanimidade** dos/as asistentes, a Moción antes transcrita.

## 7.- DECRETOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA.

A continuación pola Sra. alcaldesa, en cumprimento do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización e Funcionamento das Entidades Locais, aprobado por R.D. 2568/86 de 28 de novembro (ROF), dáse conta á

Corporación dos Decretos e Resolucións adoptadas desde o 27 de setembro ata o 19 de novembro de 2010, numerados do 644/2010 ó 771/2010. O Pleno queda enterado.

**8.- ROGOS E PREGUNTAS**

O Grupo municipal do Partido Popular presentou os seus Rogos e Preguntas o día 24 de novembro, co núm. do rexistro de entrada: 8951.

A Sra. voceira do dito grupo, Silvia M.ª Vázquez Cardelle, quere manifestar en primeiro lugar, que en relación co punto anterior, Decretos e Resolucións, aparecen unha serie de fiscalizacións desfavorables e reparos suspensivos por parte da Intervención municipal polo que nos vemos na obriga de face r unha chamada de atención á Sra. alcaldesa, que na Administración hai unha serie de prazos, de autorizacións que solicitar, de pasos previos, e non sabemos se é por descoñecemento, por ignorancia ou por prepotencia na hora de actuar, que este tipo de autorizacións non se están pedindo. Polo tanto, facer unha reflexión, e pensamos que isto debería de cambiar e corrixirse.

A continuación a Sra. concelleira pasa a formular os seus rogos e preguntas; son as seguintes:

ROGOS:
*1.- Punto de luz en Lavandeira.* Tamén no O Caño, aínda que non está recollido no escrito.

*2.- Arreglo del portal de las pistas de O Pedrido.* Estaba cun arame e non sei se xa se amañou.
Sra. alcaldesa: estase pendente da actuación por parte de Costas, do derrube do galpón que ían facer alí ó lado, despois amañariamos nós o que se teña que amañar.
Sra. voceira: mais que nada porque é un perigo para os rapaces.

*3.- C/ Santa Marta- Guísamo. Fin de semana sin luz.*
Sra. alcaldesa: mirouse en varias ocasións porque foi unha avaría difícil de localizar, incluso pensouse que podería ser algunha vivenda que tivese mal o enganche, pero penso que este fin de semana xa estivo ben.

*4.- Cementerio alto de Santa Marta, apilada la hierba después de cortar, solo hay un contenedor.*

*5.- Centro Minusválidos. Arreglo del camino desde la depuradora a Moruxo.*
Sra. alcaldesa: un dos camiños non é publico, amañouse por un particular que comprou alí e o limpou.
Sra. voceira: é xusto despois de depuradora.
Sra. alcaldesa: pois ese non é público.

*6.- Camino desde la N-VI hasta la C/ Santa Marta. Bachear.* Á altura de Ágricolas Souto.
Sra. alcaldesa: é un dos camiños que están incluídos no POS do ano que ven, pero si necesitará un bacheo antes.

*7.- C/N-VI a As Cerquerias, a la altura del puente bachear.*

*8.- Inundaciones en A Brea, Casa Pepeche y mercería Casilda.*
Sra. alcaldesa: estamos traballando nunha solución coa empresa Aquagest, pero cremos que hai vivendas que teñen conectadas as pluviais ó saneamento, que era o pasaba en Miodelo; alí todo indica que é por iso, estase buscando unha solución.

PREGUNTAS:

*Alumbrado Moruxo ¿va soterrado?.*
Sra. alcaldesa: non estaba contemplado no proxecto, pero vai haber un modificado e dependendo do orzamento, ata onde chegue, a idea é que sexa soterrado, pero ó día de hoxe non podemos dicir nada mais.

O Grupo municipal de Veciños de Bergondo, presentou as súas Preguntas o día 25 de novembro, co núm. do rexistro de entrada: 8969. O Sr. voceiro do dito grupo, Francisco Manuel Fafián Torreiro, pasa seguidamente a formulalas; son as seguintes:

*1.- ¿Vostedes ven como está o Concello?; As obras do alcantarillado nas que se tivo que abrir as estadas e pistas seguen a estar sen tapar dende o verán, e despois deste mes de choiva, a pequena capa de grava xa desapareceu. Comprométase cunha data por cada unha das obras e fágallas públicas ós veciños de cada parroquia.*
Sra. alcaldesa: hai obras de saneamento que aínda non están rematadas; en Lubre hai dúas, en Cortiñán hai outra e non se van estar repoñendo antes de rematar.
Sr. voceiro: estou de acordo en que hai que esperar a que se rematen, pero se durante o tempo de facer a obra, nos tramos que se van cerrando, cada vez que chove se vai a grava hai que repoñela, senón os coches non teñen un tránsito adecuado e os peóns menos, e o que lle estou demandando.
Sra. alcaldesa: pero vostede tamén estará de acordo comigo en que a cantidade de auga que caeu estes quince días non é habitual, de todas formas o que si temos sempre é a garantía de que ó rematar a obra ten que quedar perfecta, e, senón, como vostede sabe, sempre hai un aval da obra que o concello executará no seu momento se ten que facer algunha reposición.
Sr. voceiro: prefeririamos que se comprometera, porque os avais están aí, as obras pendentes de rematar, e os veciños sofren diariamente estes trastornos. É mais doado para todos poder solventar estes problemas puntualmente, é dicir, se agora están as obras sen rematar e imos asfaltar o ano que ven, pero choveu fai quince días e, ¿que vai facer o concello durante este tempo?.
Sra. alcaldesa: están comprometidas e se teñen que rematar neste ano.

*2.- Seguimos a insistir sobre cómo está o Concello: cada vez que chove a auga, en vez de ir polas cuneta, vai polas estradas. ¿Cando van limpar as cunetas atascadas?.*
Sra. alcaldesa: a partir do mes de xaneiro; que agora mesmo a brigada de obras está con outros traballos, e, ademais, no mes de decembro hai operarios con vacacións pendentes que teñen que desfrutalas.

*3.- En canto á desbrozadora: cremos que no Concello existe un tractor disposto para esta labor, ¿Cando o vamos ver limpando os valados?. ¿Está funcionando na actualidade?. ¿Onde está agora mesmo traballando? ¿Por qué non está continuamente desbrozando tendo en conta o estado lamentable dos valados das parroquias?.*
Sra. alcaldesa: xa hai un plan de traballo establecido, neste mes o tractorista está de vacacións, no momento que se reincorpore empezará con iso. Nós tamén estamos vendo que a cantidade de herba acumulada non é a habitual, este ano medrou moito.

*4.- En canto ó camiño de Cortiñán lindante co Polígono de Piadela e a vía do tren. ¿qué está facendo o Concello para arranxar este problema?. ¿Teñen xa un informe técnico que avale algunha postura ou conclusión sobre a titularidade do mesmo?. ¿Cando vai a informar ós veciños das medidas que o Concello vai a adoptar para normalizar esta situación?.*

Sra. alcaldesa: non necesitamos ningún informe técnico xa que ninguén ten dúbida de que é público, así aparece no nas Normas Subsidiarias e no Catastro. Se alguén pretende desviar o camiño por outro lado sería previa negociación cos veciños e coa Corporación, tamén lle podo dicir que o propietario de varias parcelas desa zona presentou no concello un proxecto de parcelación no que indicaba que era unha servidume, e o primeiro que se lle dixo foi que o cambiara porque era público. Polo que desde o concello estase a dar pasos para que quede claro de que é público.

*5.- A Xunta de Galicia dixo que ía arranxar a Ponte do Pedrido, ¿cales son as conclusións do informe técnico elaborado?. ¿Pode remitir copia do mesmo a todos os Grupos municipais?.*
Sra. alcaldesa: se nos dixo que cando tiveran esas conclusións nolas remitirían, ó día de hoxe non o fixeron polo que entendo que aínda non as teñen. No momento que nos cheguen se lles poden dar.

*6.- A estrada que, dende a parte de atrás do Concello supón a continuación da que ven do Monasterio de San Salvador e continúa ata Cruz do Sar, atópase nun estado lamentable, co firme fundido e numerosos baches, ¿cando teñen previsto arranxala?.*
Sra. alcaldesa: si, de feito xa hai un orzamento dese camiño aceptado e nos próximos días se executará a obra por parte da empresa adxudicataria.

*7.- Na estrada que baixa ás Leiras e, como consecuencia da caída dun cast año hai case un mes, a cuneta da marxe esquerda atópase taponada con terra derrubada e os restos da árbore que non han sido retirados, o que implica que a auga discurra pola estrada e o atasco da natural baixada da mesma. Tendo en conta que esta vía acaba de ser asfaltada, esta situación provoca o dano prematuro do firme además do atasco da cuneta. ¿Cando se vai retirar os restos da madeira e terra que a inutilizan?.*
Sra. alcaldesa: si, pero cando mellore o tempo, esas son as indicacións que nos fixeron porque senón habería un perigo de derrube.

*8.- Poderíase levar a cabo un pequeno estudo dos lugares nos que é necesario dotar de espellos para facilitar a incorporación dos vehículos ós camiños e vías das distintas Parroquias?. Trátase de elementos que dan seguridade á circulación e os peóns e non supoñen unha gran inversión.*
Sra. alcaldesa: non é cuestión de ningún estudo, os espellos demándanos os veciños, o concello o que fai é comprobar se existe esa necesidade no lugar solicitado, normalmente si existe e se pon o espello, ó día de hoxe hai varios pedidos e estamos pendentes da entrega; o sexa, ou ben vía petición veciñal ou incluso policial, se ve que hai esa necesidade e se coloca o espello.
Sr. voceiro: entón vostede confirma que se se fai unha solicitude veciñal, atendese.
Sra. alcaldesa: xa lle digo que si, sempre que se comprobe que é lóxica.

*9.- Hai case un ano que vimos pedindo un "·paso de cebra" na zona de Miodelo, dado que os veciños do lugar non poden cruzar a estrada que vai a Betanzos coa mínima seguridade. ¿Cando se lles pode dicir que se lles vai dotar deste paso?.*
Sra. alcaldesa: seguimos esperando a comunicación da Xunta en relación con este asunto; volveremos a insistirlles.
Sr. voceiro: é que pintaron a estrada hai pouco e non incluíron o paso.

A continuación toma a palabra a Sra. concelleira de VB, Loreto Caseiras Arroyo e solicita incluír unha pregunta mais neste punto. A Sra. alcaldesa dálle a palabra.
Sra. concelleira: é en relación a dun Decreto da Alcaldía no que aparece un Curso *de Iniciación á rede de internet*, non teño os datos sobre o número de asistentes nin a duración, pero chámame a atención cousas

como que, se abone a un particular pola impartición dun curso 3.160 euros, a unha empresa por avaliación calidade curso 394, a outra empresa por preparación, seguimento e control do mesmo curso 630, paguemos un seguro a Ocaso por responsabilidade civil de 159 e outro por seguro de accidentes colectivo do mesmo curso.
Sra. alcaldesa: todos eses gastos están financiados polo Plan FIP, e, ademais, son obrigatorios; a Orde sae con esas cantidades. Eu mesma, cando o estaba asinando, tamén me parecían elevados, porque aínda que sexa subvencionado por outra Administración debería mirarse o aforro, pero é obrigatorio segundo a convocatoria, e eu non as fago. Sería máis lóxico eses seguros para outro tipo de cursos, como poden ser de manexo de carretillas..., etc.

Non existindo máis asuntos que tratar, ás vinte e unha horas e trinta  e cinco minutos, remátase a sesión por orde da alcaldesa, e redáctase a presente acta da que eu, o secretario accidental, dou fe.

A secretaria accidental

Aurelia M.ª Basanta García

V. e  Pr.:
A alcaldesa

Alejandra Pérez Máquez